

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

12572 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servicios e establecementos sanitarios. («BOE» 6, do 6-7-2004.)*

Advertidos erros no Real decreto 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servicios e establecementos sanitarios, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 13, do 1 de novembro de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2215, segunda columna, no anexo I, columna «Oferta asistencial», onde di: «U.48 Medicina cosmética», debe dicir: «U.48 Medicina estética».

Na páxina 2219, primeira columna, no anexo II, punto «Oferta asistencial», onde di: «U.48 Medicina cosmética», debe dicir: «U.48 Medicina estética».

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

12697 *REAL DECRETO 1549/2004, do 25 de xuño, polo que se regula o acceso da frota española aos caladoiros de países terceiros ao abeiro dos acordos coa Unión Europea. («BOE» 163, do 7-7-2004.)*

A actividade da frota española en augas de países terceiros veuse desenvolvendo ao abeiro dos diferentes acordos bilaterais comunitarios.

O incremento de interese que está a experimentar o acceso ás augas dos países con que existe acordo comunitario fai necesario ditar unhas normas que regulen a actividade e o acceso das diferentes frots, segundo se establece no capítulo IV do título I da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Conforme o establecido nos regulamentos (CE) n.º3317/94 do Consello, do 22 de decembro de 1994, polo que se establecen disposicións xerais sobre autorización da pesca en augas dun país terceiro no marco dun acordo de pesca, e n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e a explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común, este real decreto establece os criterios xerais de acceso aos ditos caladoiros e a repartición das posibilidades dispoñibles para España en cada acordo.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xuño de 2004,

DISPÕÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto regula a actividade da frota española que opera nas augas de países terceiros ao abeiro dos diferentes acordos pesqueiros asinados entre a Unión Europea e os ditos países.

2. Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

a) Zona de pesca en país terceiro: a definida como tal en cada un dos acordos de pesca comunitarios cos países terceiros de que se trate.

b) Licenza de pesca en países terceiros: documento expedido polas autoridades do país terceiro, que habilita o buque para exercer a actividade pesqueira na súa zona de pesca. A obtención dunha licenza de pesca en países terceiros non exixe un buque de cumprir os requisitos exixidos nos artigos 23 e 25 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

c) Períodos: intervalos para os que cada buque obtívese ou utilizase unha licenza de pesca ao abeiro dun dos diferentes acordos pesqueiros. Os períodos terán a duración que estableza a licenza.

Artigo 2. *Buques con dereito a acceso ás augas dos países terceiros con acordo comunitario.*

Poderán acceder á zona de pesca dos diferentes países terceiros con que exista un acordo pesqueiro comunitario, en razón das posibilidades de pesca que se conceda á frota española no marco dos citados acordos, os buques incluídos no Censo de buques de pesca marítima que cumpran os requisitos de idoneidade establecidos polos diferentes acordos entre a Unión Europea e os ditos países e obteñan un permiso especial de pesca de acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

Artigo 3. *Solicitud para a obtención de licenza de pesca en países terceiros.*

1. As empresas armadoras dos buques que, de acordo co establecido no artigo anterior, desexen obter unha licenza para exercer a súa actividade ao abeiro dun dos acordos pesqueiros en vigor deberán dirixir unha solicitude, por si mesmas ou a través das entidades asociativas que as representen, á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, na cal se deberá indicar a modalidade e o período para o cal se solicita e cantos datos lle sexan exixidos ao interesado en virtude do establecido no acordo para o que se solicita licenza.

2. A Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, mediante resolución, determinará o prazo para a presentación de solicitudes co obxecto de elaborar a listaxe de buques solicitantes. Unha vez elaboradas as citadas listaxes, e confirmadas estas pola Comisión da Unión Europea, comunicaráselles aos interesados para que, no prazo que se determine na citada resolución, realicen o pagamento dos custos inherentes á obtención de licenza e remitan os xustificantes á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima.

Artigo 4. *Criterios de selección.*

1. Os criterios de ordenación das posibilidades para especies demersais serán os seguintes:

a) Actividade pesqueira desenvolvida historicamente:

1.º En primeiro lugar, na listaxe de buques para esta modalidade inclúiranse os buques que obtivesen e utilizasen unha licenza na mesma modalidade no período inmediatamente anterior ao que se solicita, ordenados en función dos períodos de pesca xa desfrutados nesa modalidade. No caso de buques dados de baixa, achegados para unha nova construción, que dispoñan dunha licenza en augas dun país terceiro no momento de causaren baixa, ou do seu afundimento, o buque de nova construción terá o mesmo número de orde na listaxe que tiña o buque cuxa baixa foi achegada. No suposto de existir igualdade nos períodos na modalidade para que se solicita, os buques ordenaranse mediante a suma dos períodos noutra modalidade do mesmo acordo.

2.º En segundo lugar, inclúiranse as solicitudes dos demais buques ordenados en función dos períodos desfrutados por cada buque na modalidade de que se trate e, en caso de coincidencia do número de períodos, recorrerase ao resto de períodos nas demais modalidades.

b) Características técnicas e disposición doutras posibilidades de pesca do buque: cando persista a igualdade tras a aplicación do disposto na letra a), a Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima procederá a seleccionar o buque ou os buques propostos de común acordo cos armadores ou as entidades asociativas que os representen, dando prioridade a aqueles buques que non posúan unha alternativa de pesca e cuxas características técnicas permitan optimizar a actividade da frota que opera na zona de que se trate. En caso de non se alcanzar un acordo entre os armadores ou as súas entidades asociativas, ou se a Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros considera que o acordo alcanzado non é adecuado, procederase á selección dos buques mediante sorteo.

2. Os criterios de ordenación das posibilidades para especies peláxicas altamente migratorias na modalidade de palangreiros serán os seguintes:

a) Actividade pesqueira desenvolvida historicamente:

1.º En primeiro lugar, terán prioridade na obtención de licenza aqueles buques que obtivesen e utilizasen unha licenza nesta modalidade no período inmediatamente anterior ao que se solicita. No caso de buques dados de baixa, achegados para unha nova construción, que dispoñan dunha licenza en augas dun país terceiro no momento de causaren baixa, ou do seu afundimento, o buque de nova construción terá a mesma prioridade que os buques en activo, sempre que o buque achegado como baixa ou afundido utilizase a licenza no período en que se deu de baixa.

2.º En segundo lugar, inclúiranse as solicitudes daqueles buques que, tendo solicitado licenza para o período anterior, non puidesen desfrutar desta por falta de posibilidades.

3.º En terceiro lugar, inclúiranse os demais buques solicitantes e os buques que, tendo obtido licenza de pesca no mesmo acordo no período anterior, non a utilizasen, todos eles en igualdade de condicións.

b) Características técnicas e disposición doutras posibilidades de pesca do buque: no suposto de que as peticións sexan superiores ás posibilidades, a Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima procederá a seleccionar o buque ou os buques propostos de común acordo cos armadores

ou as entidades asociativas que os representen, dando prioridade a aqueles buques que non posúan unha alternativa de pesca e cuxas características técnicas permitan optimizar a actividade da frota que opera na zona de que se trate. En caso de non se alcanzar un acordo entre os armadores ou as súas entidades asociativas, ou se a Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros considera que o acordo alcanzado non é adecuado, procederase á selección dos buques mediante sorteo.

3. Os criterios de ordenación das posibilidades para especies peláxicas altamente migratorias na modalidade de atuneiros serán os seguintes:

a) Actividade pesqueira desenvolvida historicamente:

1.º Terán prioridade na obtención de licenza aqueles buques que obtivesen unha licenza na mesma modalidade no período inmediatamente anterior ao que se solicita. No caso de buques dados de baixa, achegados para unha nova construción, que dispoñan dunha licenza en augas dun país terceiro no momento de causaren baixa, ou do seu afundimento, o buque de nova construción terá a mesma prioridade que os buques en activo.

2.º A continuación, inclúiranse as solicitudes dos demais buques en función dos períodos que teñan.

Artigo 5. *Resolución e licenzas.*

1. As listaxes definitivas, adoptadas mediante resolución da Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros, deberán axustar ás posibilidades dispoñibles e incluírán soamente aqueles buques que aboasen os canons e demais contrapartidas exixibles para o período de que se trate.

2. O exercicio da actividade pesqueira estará condicionado, ademais de á obtención da correspondente licenza expedida polas autoridades do país terceiro, á autorización expresa da Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, mediante un permiso temporal de pesca que poderá ser substituído por unha resolución da mesma dirección xeral en que se inclúan os buques autorizados.

Artigo 6. *Substitución de buques nos diferentes acordos.*

1. Os buques que estean desfrutando dunha licenza de pesca ao abeiro dun acordo de pesca, sempre que cumpran os criterios establecidos no artigo 28 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e logo da autorización da Secretaría Xeral de Pesca Marítima ou comunicación que faga fe no caso de que se trate de buques da mesma empresa armadora, poderán ser substituídos:

a) De forma definitiva por outro buque da mesma ou distinta empresa armadora. No suposto de que exista unha limitación en TRB (tonelaxe de rexistro bruto), GT («gross tonne») ou potencia na asignación de licenzas, o buque substituído non poderá superar o buque substituído nin en TRB nin en GT nin en potencia, salvo que o aumento non supoña un prexuízo para outros buques con licenza.

b) De forma temporal por outro buque da mesma ou distinta empresa armadora de similares características ao que se substitúe. No suposto de que exista unha limitación en TRB, GT ou potencia na asignación de licenzas, o buque substituído non poderá superar o buque substituído nin en TRB nin en GT nin en potencia, salvo que o aumento non supoña un prexuízo para outros buques con licenza.

2. O buque substituído adquirirá os períodos do buque ao cal substitúe unicamente no suposto de substitución definitiva. Nas substitucións temporais, o buque substituído xerará períodos conforme o artigo 6 para o

buque ao que substitúe, pero non obterá para si, durante o tempo que pesque ao abeiro da substitución, ningún período.

3. A substitución definitiva dun buque por outro poderase facer para un ou todos os acordos en que pescaba o buque, e non se poderán separar os períodos, dentro dun mesmo acordo pesqueiro, en función das diferentes modalidades.

4. As novas construcións de buques conservarán todos os períodos xerados nas distintas modalidades do buque achegado como baixa, en todos e cada un dos acordos en que pescase. No suposto de achegar como baixa dous ou máis buques para unha nova construción, o buque novo conservará os períodos pertencentes ao que maior número de períodos tivese.

Artigo 7. *Xeración de períodos.*

1. A Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima recoñeceralle a cada buque os períodos que lle correspondan en función das licenzas obtidas na zona de pesca de cada país terceiro ao abeiro dos acordos pesqueiros.

2. No suposto de que para un período dado o número de solicitantes de licenza superase as posibilidades asignadas a España, a non utilización da licenza por parte dalgún dos buques que a obtivese terá as seguintes consecuencias:

a) Buques dedicados a especies demersais: a perda da acumulación de períodos xerados nese caladoiro e modalidade, salvo causa de forza maior debidamente xustificada e aprobada pola Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, sen prexuízo do establecido no artigo 23.4 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

b) Buques palangreiros dedicados a especies peláxicas altamente migratorias: a perda do dereito preferencial á renovación da licenza, sen implicar a perda de historicidade recollida no parágrafo anterior.

3. Os buques sinistrados ou afundidos, ou os inactivos debido a obras de modernización ou reparación, por causa de forza maior, suficientemente acreditada, poderán seguir xerando períodos sempre que lles correspondese a obtención de licenza en augas dun país terceiro. Para iso, os armadores, por si mesmos ou a través das entidades asociativas que os representen, deberán solicitar o recoñecemento expreso dos ditos períodos á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros da Secretaría Xeral de Pesca Marítima. En ningún caso se poderán superar os períodos correspondentes a dous anos completos no suposto de afundimento ou perda total do buque e os períodos correspondentes a seis meses no suposto de reparación por causa de forza maior.

Artigo 8. *Normativa aplicable.*

Aos buques que obteñan unha licenza ao abeiro dos acordos asinados pola Unión Europea e os países terceiros, seranlles de aplicación as disposicións dos citados acordos, sen prexuízo da normativa comunitaria e nacional.

Artigo 9. *Infraccións e sancións.*

O incumprimento do establecido neste real decreto será sancionado conforme o previsto no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.19.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de execución e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Dado en Madrid o 25 de xuño de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12699 *ORDE PRE/2220/2004, do 6 de xullo, pola que se introducen modificacións no Regulamento da circulación aérea con motivo de innovacións técnicas e actualizacións por acordos rexionais de navegación aérea.* («BOE» 163, do 7-7-2004.)

A disposición derradeira primeira do Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de circulación aérea, faculta os ministros de Defensa e de Fomento para introducir, con suxeición ao disposto na Orde da Presidencia do Goberno do 8 de novembro de 1979, pola que se crea a Comisión Interministerial prevista no artigo 6.º do Real decreto lei 12/1978, do 27 de abril, sobre fixación e delimitación de facultades entre os ministerios de Defensa e de Fomento, en materia de aviación, cantas modificacións de carácter técnico foren precisas para a adaptación das operacións de voo ás innovacións técnicas que se produzan, e especialmente ao disposto na normativa contida nos anexos de OACI e nos tratados e convenios internacionais de que España sexa parte.

Como consecuencia de innovacións técnicas e acordos rexionais de navegación aérea que afectan o sistema anticollisión de a bordo, procedementos de continxencia en voo por descenso de emerxencia, fallo de comunicacións e interferencia ilícita, a Organización de Aviación Civil Internacional (OACI) introduciu modificacións no seu Documento 7030 (Procedementos suplementarios rexionais) e no Documento 8168 (Procedementos para os servizos de navegación aérea-operación de aeronaves), e no anexo 2 (Regulamento do aire) e anexo 6 (Operación de aeronaves) ao Convenio de Aviación Civil Internacional; así como a Organización Europea para a Seguridade da Navegación Aérea (Eurocontrol) no Plan de Acción Estratéxico de Seguridade para a Mellora da Seguridade da Xestión de Tránsito Aéreo, organizacións das cales España é Estado membro.

A incorporación ao ordenamento español das citadas modificacións exige a modificación do Regulamento de circulación aérea nos termos recollidos nesta orde, en cuxa tramitación se cumpriu co disposto na Orde da Presidencia do Goberno do 8 de novembro de 1979, pola que se crea a Comisión Interministerial de Defensa e Transportes, modificada pola Orde da Presidencia do Goberno do 11 de febreiro de 1985, na actualidade Comisión Interministerial entre Defensa e Fomento de acordo coa disposición adicional quinta da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.